



O CEIP DE CERVO- LUGO

Quere propoñerlle a tódolos colexios que forman a comunidade educativa galega, a celebración dun “II DÍA DA ARTE GALEGA NA ESCOLA” que xurde no noso centro despois de traballar durante os últimos anos, a través da reflexión no grupo da biblioteca escolar, a arte nas súas distintas vertentes: pintura, volume, arquitectura,... e avaliar a experiencia moi positivamente e dun gran enriquecemento para a escola. Polo tanto intentamos animarvos a que participedes nesta actividade porque seguramente quedaredes moi contentos.

Este día está fixado en principio para tódolos 1 de xuño, en memoria de Luís Seoane, máis este ano propomos o 4 de xuño porque o 1 coincide en sábado. E para celebralo suxerimos algo, que imos facer ou fixemos nós, pero totalmente aberto a iniciativa de cada colexio:

- Este ano dedicámolo aos escultores, ceramistas,... da nosa comarca (o ano pasado foi aos pintores). Trátase de dalos a coñecer ao alumnado.
- Facemos unha exposición con obras súas prestadas polos mesmos, durante uns quince días, co título de “A arte que nos rodea”. Nós este ano contamos facela entre o 20 de maio e o 14 de xuño.
- Facemos algún obradoiro con algún destes artistas (calquera día que poidan pasar polo centro, trátase de que non sexa un traballo dun día, senón o máis que se poida).
- Os artistas son invitados o Día da Arte Galega ao colexio e fan por exemplo, unha obra sobre un tema determinado. Os cursos dos maiores preparan unha entrevista a cada artista, para facerlles ese día.
- Facemos un concurso de carteis co alumnado para anunciar a exposición.

Outras posibilidades que se nos ocorren son:

- Pasar co alumnado a ver a exposición e analizar as obras.
- Visitar museos do entorno.
- Faremos exposición de figuras da Cerámica de Sargadelos, cada centro ve as súas posibilidades ...



- Buscamos a arte na nosa vida cotiá: colexio, rúa: Cada neno/a trae unha foto súa cunha escultura que elixa do entorno que pegamos nun modelo de ficha elaborado polo equipo da biblioteca. Chamámoslle a esta actividade “Un amigo no camiño”.
- Analizar unha obra empregando un esquema previo.
- Facer prácticas co alumnado con distintas técnicas. Este ano unha obra escultórica.
- Aplicar a arte e obras artísticas nas aulas e no colexio: normas, manteis,...
- En xeral abrir a escola ao arte.
- Difundir esta experiencia a toda a nosa comunidade escolar. Con visitas á exposición, libro de visitas,...

Cada ano, neste día, iremos introducindo novas temáticas, distintas técnicas, distintos artistas

Todo isto estará aberto ás suxerencias, cambios e melloras que nos fagan outros colexios, e agardamos que os que se sumen a este día nos manden as súas iniciativas, as súas actividades para publicitalas no blog da biblioteca.

O noso correo electrónico é o do blogue da biblioteca: pedrouzo1@gmail.com e o nome do blogue BIBLIOCERVO, <http://bibliocervo.blogspot.com.es/>

Agardando a participación de moitos centros, un saúdo artístico e galego dende Cervo.

Asdo.: O equipo de biblioteca do Ceip de Cervo.